A seca tamén é cuestión de previsión



PEPE PAZ
Presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graduados Agrícolas de Ourense

«Hai que aprender a gardala cando sobra.»

O que aparentaba no inicio ser un ano climatolóxico normal, ao chegar a primavera mostrouse como unha verdadeira diáspora.

Se ben chegabamos con precipitacións acumuladas duns 149 l/m², a situación foi mudando ata converter a primavera nunha estación moi seca, ao igual que o verán, que, xunto coa escaseza de precipitacións, presentou a súa cara máis quente dende o ano 1961.

Pero esta análise, xa preocupante de por si, aínda resulta máis preocupante cando observamos que as escasas precipitacións que se producen chegan moitas veces en forma de tormenta, o que non facilita a recuperación da humidade dos solos nin das concas fluviais e, por riba, pode provocar riscos catastróficos por cheas e desbordamentos sobre aldeas e vales produtivos.

Hoxe, xa no outono, chegamos cun déficit de humidade acumulado ao longo do ano moi importante.

É certo que a nosa provincia nos leva sorprendendo climaticamente nos últimos anos, e pouco podemos facer para cambiar o comportamento do clima. Pero iso non significa que non poidamos actuar sobre as súas consecuencias. De cara ao inmediato, pouco máis podemos facer que esperar e, habendo fe, rezar. Ou incluso sacar rogativas aos agros, como facían os nosos devanceiros.

Pero o certo é que os nosos mananciais están secos; os regatos e ríos seguen mostrándonos os cantos rodados e as raíces ao aire; os encoros presentan unhas reservas de auga moi minguadas, e nas leiras só temos terra seca, moi seca.

Se xa tivemos problemas co estrés hídrico nos viñedos, os soutos de castiñeiros apenas puideron facer medrar os seus froitos; os cogomelos e demais fungos este ano apenas se nos mostraron; os bosques e arboredas agostaron antes de tempo; os prados tiveron pouca outonada; os nabos apenas xermolaron, o que ameaza o lacón con grelos do noso inverno.

Pero agora, cando tiñamos que sementar os cereais de inverno, só temos borrallo e terra seca, que non prometen nada bo. E todo isto é unha ausencia acumulada de auga que está a dificultar a toma de decisións ao respecto.

Cousas do agro: variables naturais imprevisibles coas que temos que lidar. Así son as nosas economías, bailando no cribo da vida.

E que imos facer?

En principio, e de cara ao inmediato, pouca cousa podemos achegar. Pero de cara ao futuro, e máis alá de como se desenvolva a climatoloxía imprevisible dos próximos anos, creo que temos que aprender a xestionar a auga como o ben imprescindible que é.

Porque o problema non é simplemente que chova menos. O problema tamén está en que temos que ser capaces de aproveitar mellor, de maneira sostible, a auga cando a temos.

A auga pode faltar durante meses e, de súpeto, chegar toda xunta nunha tormenta, baixar polos regatos, desbordar os ríos e marchar cara ao mar. Nese momento temos auga, pero non necesariamente temos dispoñibilidade de auga.

E aquí é onde temos que aprender.

Temos que aprender a xestionar a auga como un recurso imprescindible, que pode mostrarse cada vez máis escaso e que, aínda cando dispoñamos del, temos que saber gardar, regular e distribuír.

E cando dicimos isto, non se trata só de pensar en grandes tecnoloxías de aplicación, aforro ou dosificación. Tamén temos que mirar cara ao que xa fixeron os nosos avós.

Eles sabían que a auga do inverno e da primavera podía ser necesaria no verán. E por iso almacenábana, desviábana, regulábana e repartíana. Non tiñan as ferramentas tecnolóxicas das que dispoñemos hoxe, pero tiñan unha cousa que nós estamos perdendo: unha cultura da auga adaptada ao territorio.

Aquelas lagoas, presas, levadas, regueiros e demais sistemas tradicionais de almacenamento e distribución da auga non deberían ser vistos simplemente como cousas do pasado.

Poden ser recuperados, mellorados e actualizados.

Non se trata de volver ao pasado, senón de recuperar o coñecemento que xa existía e poñelo ao servizo das necesidades actuais.

Porque quizais hoxe teñamos máis tecnoloxía, máis capacidade de bombeo, máis capacidade de tratamento e máis medios para medir e controlar a auga ca nunca. Pero iso non significa necesariamente que saibamos aproveitala mellor.

Pode parecer unha solución sinxela. Pero sería, cando menos, un punto de partida.

Porque o que está claro é que non funciona a simple estatística que nos identifica o déficit e nos permite queixarnos.

Medir a seca é necesario. Coñecer o déficit é imprescindible. Saber canto temos e canto nos falta tamén.

Pero se despois diso non somos capaces de almacenar a auga cando a temos para poder utilizala cando a necesitamos, estaremos limitándonos a contar o problema.

E a auga, como estamos comprobando, non se pode contar só cando falta.

Hai que aprender a gardala cando sobra.